



**CONCELLO DE
XERMADE
(LUGO)**

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade
Tlfonos.: 982 501 001 – 982 501 002
Fax : 982 501 027

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE TRES PEÓNS DE EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS PARA REALIZAR TRABALLOS DE LIMPEZA, RESTAURACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E MANTEMENTO

3 PEÓNS DE EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

E por obxecto da convocatoria a contratación con carácter temporal, en réxime de dereito laboral e ao 75% da xornada, dos seguintes postos de traballo.

3 PEÓNS DE EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS

Serán funcións a desempeñar polos/as contratados/as a de mantemento, restauración e limpeza de espazos públicos.

2.- MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATOS.

O modelo de contrato de traballo será o de obra ou servizo de duración determinada. A duración dos contratos será de 1 ano como máximo, ou ata o 31 de outubro de 2017 en todo caso, para 1 peón de edificación e obras públicas. Para os outros dous peóns será de 8 meses como máximo, ou ata o 31 de outubro de 2017 en todo caso

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral, en réxime de dedicación ao 75% da xornada laboral diaria.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos.:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou

inhabilitado. No caso de ser natural doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- e) Nivel de coñecemento idioma galego: Celga 2 (de non ter o título haberá que realizar unha proba o día do exame)

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán dirixir a súa solicitude, segundo o **modelo previsto no Anexo II das bases de selección**, ao Sr. Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Xermade, presentándoa no rexistro xeral do citado Concello ou nunha forma prevista no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, reformada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, (neste caso, deberá comunicarse previamente mediante fax ao número 982501027), no prazo de cinco **(5) días naturais**, contados dende o seguinte ao da **publicación da convocatoria no BOP**. As bases publicaranse integramente no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello.

Na solicitude farase constar que se reúnen os requisitos esixidos para tomar parte no concurso.

Documentación que debe acompañar á solicitude:

- a) Fotocopia cotexada do D.N.I.
- b) Documentación que acredite os méritos alegados para a súa valoración.

Forma de acreditación dos méritos:

- a) Experiencia Profesional e Servizos Prestados en postos de traballo cuxo contido funcional sexa idéntico ao emprego convocado: Acreditarase mediante presentación de Informe de Vida Laboral e copia cotexada dos contratos de traballo ou nóminas (experiencia en empresas privadas) e contrato de traballo ou certificación de servizos acreditativa emitida polas administración públicas.
- b) Os cursos de formación sobre algunha das materias que formen parte do contido funcional do emprego que se convoca e a situación persoal acreditaranse achegando fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

5.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o **concurso-oposición**.

5.1.- Fase de oposición: Puntuación máxima 7 puntos.

- a) **Proba teórica:** Realizarase un exame tipo test común para todos os postos aos que opte o aspirante en base ao temario que figura no **Anexo I**. Terá carácter eliminatorio.
A puntuación máxima da proba será de **3 puntos**.

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test baseadas no contido do programa da convocatoria que figura como **Anexo I** das presentes bases.

Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel mínimo de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto nesta proba.

b) **Proba práctica:** A puntuación máxima desta proba será de **4 puntos**.

Realizarase xusto despois do exame tipo test, e nela participarán aquelas persoas que superaran a proba tipo test, segundo o criterio do tribunal. Consistirá na realización dunhas tarefas básicas dun péon de edificación e obras públicas. Se o tribunal o cree necesario poderá realizar unhas preguntas tipo test.

Tamén terá carácter eliminatorio.

5.2.- Fase de concurso: Méritos computables: (3 puntos).

1.a) Experiencia profesional e servizos prestados: A puntuación máxima para este apartado é de **1 punto**.

- Por prestación de servizos en concellos, en igual posto de traballo ao convocado (peón condutor) : **0,10 puntos/mes completo**.

- Por prestación de servizos noutras administracións públicas ou empresas privadas, en igual posto de traballo ao convocado (peón de edificación e obras públicas) : **0,05 puntos/mes completo**.

1.b) Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións do posto de traballo, protección civil, incendios, emerxencias, conducción, manexo de ferramentas e maquinaria, primeiros auxilios, ...e organizados, ben por unha Administración Pública, a Academia Galega de Seguridade, unha Universidade ou impartido por empresas privadas homologadas por unha Administración Pública. A puntuación máxima neste apartado é de **0,5 punto**.

- Por cursos de ata 10 horas de duración: **0,10 puntos, ata un máximo de 0,30 puntos**.

- Por cursos de máis de 10 e ata 20 horas de duración, **0,20 puntos**.

- Por cursos de máis de 20 e ata 40 horas de duración: **0,30 puntos**.

- Por cursos de máis de 40 e ata 100 horas de duración: **0,40 puntos**.

- Por cursos de máis de 100 horas de duración: **0,80 puntos**.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

1.c) Terase en conta aos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. A puntuación máxima para este apartado é de **1 punto**.

- Parados/as de longa duración (**0,2 ptos**)
- Persoas con discapacidade (**0,2 ptos**)
- Persoas vítimas de violencia de xénero (**0,2**)
- Mulleres maiores de 45 anos (**0,2**)
- Maiores de 45 anos (**0,2**)

1.d) Carné de conducir B. A puntuación máxima para este apartado é de **0,5 punto.**

6.- Proba de galego.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego sinalado no apartado 3.e desta bases, deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente:

- a) Na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán, ou
- b) Nunha proba oral se nas funcións a realizar se emprega o galego maioritariamente na súa forma oral. Esta proba oral só se poderá realizar se o nivel de Galego esixido e o Celga 1, Celga 2, niveis equivalentes da Escola Oficial de Idiomas ou Curso de Iniciación da lingua galega.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase con apto ou non apto.

6.- DESENVOLVEMENTO DA SELECCIÓN.

6.1.- Desenvolvemento:

Por resolución da alcaldía aprobarase a lista definitiva de admitidos, a composición do tribunal e a data do exame, que se publicará na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello, O tribunal de selección constituirase nos dous días seguintes dende finalización do prazo de inscrición, aos efectos de valorar os méritos presentados.

A realización dos exercicios do exame terá lugar no día **e datas sinalados na publicación da lista definitiva** na nave do concello no Parque Empresarial de Xermade.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos **medios materiais apropiados para realizar as probas (bolígrafo, roupa e zapato cómodo para a práctica)** e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal. A orde de actuación dos aspirantes será alfabético.

A puntuación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición, non computándose a fase de concurso a todos aqueles aspirantes que non superen a fase de oposición.

As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, serán resoltas polo Tribunal por maioría.

7.- PROPOSTAS DE SELECCIÓN.

A Comisión de Selección publicará, no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo e elevará ao Alcalde – Presidente dita relación para a súa aprobación.

A selección recaerá nos aspirantes que obteñan maior puntuación, sendo o contrato de 1 ano para o que teña maior puntuación. O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que, sen ser seleccionados, aprobaron todas as probas coa finalidade de asegurar a cobertura do emprego. No suposto de que se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da contratación, o órgano convocante poderá acudir á prelación de aspirantes.

O persoal seleccionado, previamente á súa contratación, deberá realizar un recoñecemento médico para garantir as súas condicións de saúde para o traballo que vai realizar.

8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Os aspirantes propostos para ser contratados, dentro do prazo de 2 días naturais, contados dende o día seguinte ó da publicación da proposta de selección no taboleiro de anuncios do concello, deberán presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria previstos na base 3ª.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente cotexados.
- Certificado Médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser natural doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos termos o acceso ao emprego público.
- Fotocopia cotexada do permiso de conducir

9.- RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Á vista da proposta da Comisión de Selección e constatado que o/a aspirante acreditou os requisitos esixidos para acceder ao emprego que se convoca, o Alcalde-Presidente resolverá o procedemento selectivo e procederá á formalización do contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

10.- NORMATIVA.

No non sinalado nas presentes bases estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ó servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e resto de normas que resultaren de aplicación.

En canto á posibilidade de dirimir controversias que se produzan na aplicación daqueles instrumentos normativos, serán competentes os órganos pertencentes á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

11.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Xermade, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da súa publicación ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Xermade, a 13 de outubro de 2016

O Alcalde – Presidente,

Asdo.: Roberto García Pernas

ANEXO I.- TEMARIO

A) MATERIAS COMÚNS.

Tema 1.- A Administración Local.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O Concello de Xermade. Órganos de decisión colexiados e unipersonais. Características socioeconómicas, demográficas e xeográficas do Concello de Xermade.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 2.- Nocións básicas sobre utilización de ferramentas empregadas nos seguintes oficios: albanelería, carpintería, fontanería, saneamento, electricidade, limpeza e coidado de xardíns e espazos públicos.

Tema 3.- Nocións básicas sobre utilización de "andamios", puntais e entibacións.

Tema 4.- Normativa reguladora da sinalización e saúde no traballo. Estudo da sinalización de seguridade no traballo.

Tema 5.- A Seguridade no traballo: Os Equipos de Protección Individual (EPIs).

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL "PEÓN DE EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS"

POSTOS ÓS QUE OPTA:

PEÓN DE EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS.

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NOME	
DATA DE NACEMENTO		D.N.I.		NACIONALIDADE	
ENDEREZO					
CONCELLO	PROVINCIA	C.P.	TLF. MÓBIL	E-MAIL	

SOLICITA :

Ser admitido/a nas probas selectivas convocadas para a selección de persoal laboral temporal do posto antes descrito, e declaro que son certos todos os datos consignados nesta solicitude e que coñezo e reúno as condicións esixidas nesta convocatoria, referidas á data en que remata o prazo de presentación de instancias.

En Xermade, a _____ de _____ de 2016.

Sinatura

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Xermade para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

(MARCAR O QUE PROCEDA)

- Fotocopia cotexada do DNI.
- Fotocopia cotexada do permiso de condución en vigor tipo C.
- Fotocopia cotexada do permiso de condución tipo B.
- Méritos por servizos prestados e cursos realizados.

....., de.....de 2016

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XERMADE

*Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE XERMADE para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE XERMADE na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección **Praza do Concello s/n. 27833. Xermade.- LUGO.***